



ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA XUNTA DIRECTIVA (JD) CELEBRADA O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2016 AS 17,00 HORAS NO COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (XD_04_26_11/2015).

Presentes: **Presidente** D. Miguel Ángel Vázquez Vázquez, **Vicepresidente 1º** D. José Manuel Pazos Seco, **Vicepresidente 2º** D. Javier Pérez Martín, **Tesoureiro** D. Cesáreo López Vidal, **Secretario** D. José María Faílde Garrido, **Vocal Sección Social** Dña. Trinidad Viña Ayude, **Vocal Psicoxerontoloxía** D. Carlos Dosil Díaz, **Vocal de Vocal de Xerocultura** Dña. Raquel Ramos Rodríguez

Excusan asistencia por motivos varios: **Vocal Sección de Clínica** Dña. Sonia María Barros Cerviño, **Vocal de Enfermería** Dña. Marta Ulloa Méndez, **Vocal de Centros Xerontolóxicos** D. Luis Lorenzo Mur e a vocal de **Formación e Investigación** Dña. Isabel González-Abraldes Iglesias.

Consecuente coa orde do día establecida, temas tratados e acordos adoptados:

1. Lectura do acta anterior e aprobación se procede

Apróbase a acta sen modificacións.

2. Informe do Sr. Presidente

O Sr. Presidente informa do seguinte:

- Conveniencia de recoller na web un resumo dos principais acordos adoptados en cada reunión.
- Nova incorporación como socia: Dña. Natalia García Gayo.
- Necesidade de comunicar á Axencia Tributaria (estatal) o cambio de Xunta Directiva. Indícase que debe contactarse con Algalia S.Coop.Galega para este asunto.
- Que foi notificado á SEGG o cambio de Xunta Directiva.
- Necesidade de cancelar a conta da Caixa de Cataluña (sucursal de Pontevedra) que se abriu con motivo do XXVI congreso da SGXX., debido a que esta institución estanos repercutindo os gastos de mantemento da referida conta.
- Necesidade de revisar e actualizar a WEB da SGXX.
- O director da Escola de Doctorado da Universidade de Santiago de Compostela, solicita a colaboración da SGXX na valoración de tese doctorales sobre geriatría.
- Necesidade de realizar a Memoria de actividades da SGXX do ano 2015 (tarea de D. Javier Pérez Martín) e tamen elaborar a memoria de orzamento para o ano 2016 (D. Miguel Anxo Vázquez Vázquez, D. José María Pazos Seco e D. Cesáreo López Vidal).



3. Informe do Sr Vicepresidente 1º

Nada que informar neste período.

4. Informe do Sr Vicepresidente 2º

Nada que informar neste período.

5. Informe do Sr Secretario

Infórmase do seguinte:

- Feita a comunicación á Sociedade Española de Geriatría y Gerontología, do cambio de membros da Xunta Directiva da SGXX.
- Realizouse e remitido a memoria e a xustificación económica relativa á axuda da Universidade de Vigo (3.000) ao XXVII Congreso da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria. Pendente xestión de cobro, que se fará a traveso de Caligers e Innovación ágil, como se había previsto.

6. Informe Sr Tesorero

- Están pendentes de pago de facturas relativas ao XXVII Congreso da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria. Antes destes pagos, o saldo é de 117.559,26 euros.

7. Informe Vocalías

Vocal Sección Social

Dña. Trinidad Viña Axude informa do seguinte:

- Continúase coa promoción da SGXX nas redes sociais.
- Estableceuse contacto co Presidente do Colexio de Traballadores Sociais e este mostra boa disposición para a firma dun convenio.
- Reitérase a necesidade de que se fagan propostas de ideas para promover a firma de convenios entre institucións e a SGXX.
- En relación ao traballo de depuración e actualización do listado de socios, infórmase: que se presenta un informe co traballo de campo co listado de socios da SGXX desde outubro de 2015 (Ver documentos adjuntos ao acta), e se detectan incidencias en altas de socios que non están incorporados.

Se detectan 98 cotas non pagas de socios/as en 2015, por diferentes motivos. Ademais destes 98, 13 non están incorporados.

Se expón a necesidade de contratar a alguén para que apoie o laborioso traballo que está realizando Trinidad Viña. A este respecto, acórdase falar con Pablo de ALGALIA e solicitar orzamento, ou con alguna empresa adicada a este menester.

Miguel Angel Vázquez e Javier Pérez, comprométense a axudar a depurar o listado de socios/as.

Vocal de Xerocultura

Dña. Raquel Ramos Rodríguez informa do seguinte:

- Reuniuse co Colexio de Educadores Sociais de Galicia e se estudiarón propostas para reactivar o convenio.



8. Revista da SGXX

O Presidente informa da renuncia voluntaria do Editor da revista International Journal of Geriatry and Health, Sr. Jose MAria Cancela, sen haberse feito numero algún en 2015.

Con relación ao proxecto da revista International Journal of Geriatry and Health, a XD acorda que éste é demasiado ambicioso para a estrutura da SGXX e os seus Socios/as. Neste sentido, propónse que o Sr. Presidente estude o contrato asinado coa Editorial Elsevier e ver de rescindilo.

9. XXVIII Congreso Internacional LUGO 2016. Informe Sr. Presidente do Congreso
O Presidente do XXVIII Congreso Internacional de Geriatría e Gerontoloxía presenta a proposta de Comités Científico e Organizador (ver documento anexo ó acta)

Propónse, que para preparar a Asemblea Ordinaria de socios da SGXX, resérvese a tarde do xoves 21 de abril de 2016, dita reunión celebraríase no hotel reservado para o XXVIII Congreso da SGXX.

10. Revisión Tese Doctorales sobre Geriatría

Ante a petición do Director da Escola de Doctorado da USC, D. José Ramón Leis, solicitando a colaboración da SGXX na valoración de tese doctorales sobre geriatría, mediante un procedemento que garantice o anonimato dos revisores, acórdase acceder a tal petición e trasladarle os manuscritos de Proxecto os membros da XD interesados.

11. Calendario reunións 2016. Primeiro semestre

Tipo de reunión	Fecha	Lugar
Ordinaria (se anula)	21/01/2016	Santiago
Ordinaria	18/02/2016	Lugo
Extraordinaria "Reunión con el Comité Organizador del XXVIII Congreso SGXX"	18/02/2016	Lugo
Ordinaria	17/03/2016	Ourense
Extraordinaria "Reunión preparatoria de la Asamblea General de Socios de la SGXX"	21/04/2016	Lugo
Ordinaria	26/05/2016	Lugo
Ordinaria	15/09/2016	Santiago
Ordinaria	24/11/2016	Santiago

Acórdase manter o calendario de reunións previsto e incorporar reunións co Comité Organizador do XXVIII Congreso da SGXX.

12. Asuntos pendentes reunións 2 e 3 da XD



Realízase un repaso de asuntos tratados nas reunións 2 e 3 da Xunta Directiva da SGXX.

13. Formato Actas XD á web

O Sr. Presidente estima convinte recoller na Web un extracto dos principais acordos de cada reunión da Xunta Directiva da SGXX.

14. Rogos e preguntas.

Javier Pérez informa que aínda non se sabe nada do Congreso da SEEG para 2017, que se solicitou para Vigo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 21:30 horas en día e lugar arriba consignado.

Asdo.: D. Miguel Ángel Vázquez Vázquez

Presidente da SGXX

Asdo.: D. José María Faílde Garrido

Secretario da SGXX